



## REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO DEPARTAMENTO DE PEDAGOXÍA E DIDÁCTICA

### ÍNDICE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS .....	2
TÍTULO PRELIMINAR: ÁMBITO E RÉXIME XURÍDICO DE APLICACIÓN .....	2
Artigo 1. Obxecto do regulamento. ....	2
Artigo 2. Ámbito de aplicación.....	2
Artigo 3. Réxime xurídico. ....	2
TÍTULO I: NATUREZA E FUNCIÓNS .....	3
Artigo 4. Natureza.....	3
Artigo 5. Funcións. ....	3
TÍTULO II: ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO DEPARTAMENTO .....	3
CAPÍTULO I: ESTRUCTURA DO DEPARTAMENTO .....	3
Artigo 6. Constitución do Departamento de Pedagogía e Didáctica. ....	3
Artigo 7. Adscrición. ....	3
Artigo 8. Comisión Permanente.....	4
Artigo 9. Das comisións de estudo e asesoramento.....	4
CAPÍTULO II: GOBERNO DO DEPARTAMENTO .....	4
Artigo 10. Órganos de goberno do Departamento. ....	4
SECCIÓN PRIMEIRA: ÓRGANOS COLEXIADOS .....	4
Artigo 11. Concepto.....	4
Artigo 12. Composición do Consello de Departamento e outras cuestións.....	4
Artigo 13. Competencias do Consello de Departamento.....	5
Artigo 14. Funcionamento do Consello de Departamento.....	5
Artigo 15. Constitución.....	6
Artigo 16. Asistencia e desenvolvemento das sesións.....	6
Artigo 17. Votacións e adopción de acordos. ....	6
Artigo 18. Actas.....	7
SECCIÓN SEGUNDA: ÓRGANOS UNIPERSOAIS.....	7
Artigo 19. Elección do/a Director/a do Departamento. ....	7
Artigo 20. Funcións do/a Director/a do Departamento.....	8
Artigo 21. Nomeamento do/a Secretario/a do Departamento.....	8
Artigo 22. Funcións do/a Secretario/a de Departamento. ....	9
SECCIÓN TERCERA: SECCIÓNS DEPARTAMENTAIS .....	9
Artigo 23. Creación.....	9
Artigo 24. Organización. ....	9
Artigo 25. Competencias. ....	9
TÍTULO III. DO RÉXIME ECONÓMICO E FINANCEIRO.....	9
Artigo 26. Recursos económicos. ....	9
Artigo 27. Competencias en materia económica. ....	10
TÍTULO VI. DA REFORMA DO REGULAMENTO .....	10
Artigo 28. Iniciativa de reforma do regulamento. ....	10
Artigo 29. Tramitación de reforma do regulamento.....	10
Artigo 30. Aprobación da proposta de modificación do regulamento.....	10
DISPOSICIÓNS FINAIS .....	10



## REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO DEPARTAMENTO DE PEDAGOXÍA E DIDÁCTICA

### Aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 31/01/2018

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O presente regulamento vén dar cumprimento ao disposto no Artigo 9.3 dos Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados polo Decreto 101/2004, de 13 de maio (DOG de 26 de maio) e modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG de 17 de outubro) e no Regulamento Marco de Departamentos, aprobado polo Consello de Goberno o 23 de novembro de 2016 e modificado na sesión do 29 de xuño de 2017.

A regulación básica do réxime de funcionamento e organización do Departamento de Pedagogía e Didáctica fica enmarcada na normativa aplicable á Universidade da Coruña.

#### TÍTULO PRELIMINAR: ÁMBITO E RÉXIME XURÍDICO DE APLICACIÓN

##### **Artigo 1. Obxecto do regulamento.**

O presente regulamento establece e regula o funcionamento e organización do Departamento de Pedagogía e Didáctica.

##### **Artigo 2. Ámbito de aplicación.**

O presente regulamento será de aplicación ao Departamento de Pedagogía e Didáctica da Universidade da Coruña (UDC), constituído polas áreas de coñecemento de Teoría e Historia da Educación, Didáctica e Organización Escolar, Didáctica das Ciencias Experimentais e Didáctica da Matemática, e consecuentemente será de obrigado cumprimento para todas as persoas en canto sexan membros del.

##### **Artigo 3. Réxime xurídico.**

1. O Departamento de Pedagogía e Didáctica rexeráse pola Lei Orgánica de Universidades, polas normas que emanen dos correspondentes órganos do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio das súas respectivas competencias, polos Estatutos da Universidade da Coruña e as súas normas de desenvolvemento e finalmente polo presente Regulamento de Réxime Interno.
2. En defecto do establecido no presente Regulamento aplicarase as Leis 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
3. A súa xestión estará ordenada polo principio de prevaleza dos órganos colexiados sobre os unipersoais, do respecto as minorías e da participación libre e por igual de todos os seus membros, na forma disposta no presente Regulamento.
4. Contra as resolucións e acordos dos órganos unipersoais ou colexiados do Departamento, poderase formular recurso de alzada no prazo dun mes perante o/a Reitor/a, tratándose de resolucións do/a Director/a, e perante o Consello de Goberno, tratándose de acordos do Consello de Departamento, cuxa decisión esgotará a vía administrativa e será impugnábel perante a xurisdición contencioso-administrativa de conformidade coa lei reguladora desta xurisdición.
5. Os órganos de goberno do Departamento de Pedagogía e Didáctica asumen o uso da lingua galega de acordo co regulamento xeral de uso da lingua galega na UDC.



## TÍTULO I: NATUREZA E FUNCIÓNS

### Artigo 4. Natureza.<sup>1</sup>

O Departamento de Pedagogía e Didáctica é a unidade de docencia e investigación encargada de coordinar as ensinanzas das áreas de coñecemento de Teoría e Historia da Educación, Didáctica e Organización Escolar, Didáctica das Ciencias Experimentais e Didáctica da Matemática nos centros nos que impartan docencia de acordo coa programación docente da Universidade e de ditos centros. Asemade, lle compete apoiar as actividades docentes e investigadoras do PDI e das demais funcións que lles sexan encomendadas polos Estatutos da UDC.

### Artigo 5. Funcións.<sup>2</sup>

Son funcións dos Departamentos:

- a. Organizar e desenvolver, nos diferentes ciclos dos estudos universitarios, o ensino propio da área ou áreas de coñecemento da súa competencia.
- b. Apoiar as actividades e iniciativas investigadoras do persoal adscrito á área ou áreas de coñecemento da súa competencia.
- c. Contratar con entidades públicas ou privadas ou con persoas físicas a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico, así como o desenvolvemento de cursos de especialización.
- d. Participar na elaboración de planos de estudo, no procedemento de selección do Persoal Docente e Investigador (PDI) e nos procesos de avaliación da calidade institucional.
- e. Calquera outra que lles asignaren as disposicións legais vixentes e os Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados polo Decreto 101/2004.

## TÍTULO II: ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO DEPARTAMENTO

### *CAPÍTULO I: ESTRUCTURA DO DEPARTAMENTO*

#### Artigo 6. Constitución do Departamento de Pedagogía e Didáctica.

O Departamento de Pedagogía e Didáctica está constituído polas áreas de coñecemento de Teoría e Historia da Educación, Didáctica e Organización Escolar, Didáctica das Ciencias Experimentais e Didáctica da Matemática. O Departamento agrupa ao PDI da Universidade, funcionario e contratado, o persoal de investigación, bolseiros e bolseiras de investigación, estudantes e o Persoal de Administración e Servizos (PAS) que estean adscritos a el.

#### Artigo 7. Adscrición.

1. A adscrición inicial do PDI ao Departamento de Pedagogía e Didáctica faise de acordo coa convocatoria da praza correspondente. Calquera mudanza de adscrición deberá ser acordada polo Consello de Goberno por instancia da persoa interesada e logo do informe dos Departamentos afectados.
2. O Departamento de Pedagogía e Didáctica ten asignada a Unidade de Apoio a Departamentos e Grupos de Investigación (UADI) adscrita á Facultade de Ciencias da Educación.

<sup>1</sup> Recollido no Artigo 9.1 dos Estatutos da UDC.

<sup>2</sup> Reprodución do Artigo 9.2 dos Estatutos da UDC, aprobados por Decreto 101/2004 do 13 de maio (DOG do 26 de maio) e modificados por Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG do 17 de outubro).



### **Artigo 8. Comisión Permanente.**

1. O Consello de Departamento poderá crear unha Comisión Permanente en que delegará o exercicio das súas competencias, agás as que non poidan ser obxecto de delegación.
2. Os acordos adoptados en Comisión Permanente deberán ser comunicados ao Consello de Departamento na seguinte sesión ordinaria que realice.
3. Na Comisión Permanente deberán estar representados todos os sectores da comunidade universitaria que fan parte do Consello de Departamento. A súa renovación levarase a cabo segundo os criterios que estableza o Consello de Departamento, tanto en canto á composición, como na periodicidade da súa renovación.
4. As funcións que correspondan serán asignadas polo Consello de Departamento.
5. Para o seu funcionamento e adopción de acordos, rexeranse polas normas establecidas para o Consello de Departamento no presente regulamento.

### **Artigo 9. Das comisións de estudo e asesoramento.**

O Consello de Departamento poderá crear, con carácter temporal ou permanente, comisións de estudo e asesoramento de carácter non decisorio. O acordo de creación determinará as súas funcións e composicións.

## ***CAPÍTULO II: GOBERNO DO DEPARTAMENTO***

### **Artigo 10. Órganos de goberno do Departamento.**

Para o goberno, representación e administración do Departamento establécense os seguintes órganos:

- a. Colexiados:
  - Consello de Departamento.
- b. Unipersoais:
  - Director ou Directora de Departamento.
  - Secretario ou Secretaria de Departamento.

## **SECCIÓN PRIMEIRA: ÓRGANOS COLEXIADOS**

### **Artigo 11. Concepto.**

O Consello de Departamento é o órgano colexiado de goberno do Departamento.

### **Artigo 12. Composición do Consello de Departamento e outras cuestións.<sup>3</sup>**

1. O Consello de Departamento está integrado polas seguintes persoas:
  - a. O/A Director/a, que o presidirá e convocará, e o/a Secretario/a.
  - b. Todas as persoas doutoras vinculadas por relación funcional, laboral ou bolsreira á Universidade e todo o profesorado e axudantes sen título de doutor ou doutora a tempo completo integrados no Departamento.
  - c. Unha representación do profesorado a tempo parcial e do persoal investigador en formación que colabore na docencia e, de ser o caso, das persoas lectoras integradas no Departamento, que suporá o 5 %.

---

<sup>3</sup> Redacción do Artigo 5 do Regulamento Marco de Departamentos, aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 23 de novembro de 2016 e modificado na sesión do 29 de xuño de 2017, e do Artigo 31 do Regulamento Electoral Xeral da UDC, aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 28 de setembro de 2016, por resultar este artigo máis amplo que o Artigo 33 dos Estatutos da UDC.



- d. Unha representación do estudiantado do ámbito da docencia do Departamento que suporá un 28 %, dos que, de ser o caso, o 40 % corresponderá aos estudantes de doutoramento.
- e. Un ou unha representante do PAS adscrito ao Departamento.
2. As persoas representantes no Consello de Departamento serán elixidas por un período de dous anos.
3. A determinación do número de representantes que corresponde a cada sector será realizada pola Secretaría Xeral coa aprobación do censo definitivo, seguindo as proporcións sinaladas neste Artigo 31 do Regulamento Electoral Xeral da UDC.
4. En caso de vacante de representantes, no prazo máximo dun mes a Secretaría Xeral comunicará ao Departamento en cuestión un novo censo actualizado cubrindo as baixas coas persoas candidatas que no último proceso electoral obtivesen un maior número de votos en cada sector sen acadaren representación. Se non as houber, os postos serán cubertos no seguinte proceso electoral, tras a expiración do mandato do Consello de Departamento.

### **Artigo 13. Competencias do Consello de Departamento.**<sup>4</sup>

É competencia do Consello de Departamento:

- a. Elixir o Director ou Directora e, de ser o caso, revogalo/a.
- b. Programar as actividades docentes e investigadoras do Departamento, elaborar o seu plan de organización docente e propoñer os programas de doutoramento, de acordo coa Escola Internacional de Doutoramento.
- c. Formular as demandas do PDI.
- d. Organizar cursos ou estudos de posgrao ou especialización dentro do seu ámbito de competencia.
- e. Participar na selección e contratación do PDI.
- f. Propoñer nomeamentos de doutores Honoris Causa.
- g. Aprobar a distribución do orzamento anual do Departamento e a súa execución.
- h. Elaborar o Regulamento de Réxime Interno do Departamento.
- i. Informar das solicitudes de realización de congresos e xornadas científicas.
- j. Calquera outra competencia que lle sexa asignada polas disposicións legais vixentes e os Estatutos.

### **Artigo 14. Funcionamento do Consello de Departamento.**

1. O Consello de Departamento poderase constituír e realizar as súas sesións tanto de forma presencial como a distancia. Neste último caso, os membros do órgano poderán asistir á reunión por medios electrónicos, considerándose tales aqueles que permitan asegurar a identidade da persoa, o contido e o momento en que se producen as súas manifestacións, ben como a intercomunicación en tempo real.
2. O Consello de Departamento reunirse en sesión ordinaria tantas veces sexa necesario e, polo menos, dúas veces ao ano, e sempre que o Director ou a Directora o convoque por propia iniciativa ou por solicitude dun terzo dos seus membros, en cuxo caso a sesión se realizará nos quince días seguintes ao de recepción da solicitude.
3. A convocatoria será efectuada polo Director ou pola Directora do Departamento, ou de quen legalmente o substitúa.
4. As convocatorias serán remitidas aos membros do Consello de Departamento cunha antelación mínima de dous días hábiles, a través de medios electrónicos, incluíndo a

---

<sup>4</sup> Redacción do Artigo 32.2 dos Estatutos da UDC.



- orde do día e a documentación que corresponda, así como o día, hora e lugar da sesión ou o sistema de conexión para a asistencia a distancia cando proceda.
5. A orde do día das sesións será fixada pola Dirección do Departamento tomando en conta as solicitudes realizadas polos demais membros. Se for o caso, calquera dos membros do Consello de Departamento poderá solicitar a inclusión dun punto na orde do día, ese punto incluírase na primeira sesión que se convoque, sempre que se solicitase antes de ter enviada a convocatoria.
  6. Cando a natureza dos asuntos que se foren tratar así o requira, a xuízo do/a Director/a, poderanse convocar ás sesións do Consello ou, se for o caso, ás dalgunha comisión ás persoas que se estime necesario, con voz mais sen voto, procurando informar na propia convocatoria deste feito.
  7. As sesións extraordinarias do Consello de Departamento están sometidas aos mesmos requirimentos que as ordinarias, coa excepción de que a súa convocatoria pode facerse con un día hábil de antelación e para o tratamento de puntos de inaprazable consideración. Non se incluírán na orde do día os puntos relativos á aprobación de actas, informes ou suxestións e preguntas.

### **Artigo 15. Constitución.**<sup>5</sup>

Para a válida constitución do Consello de Departamento requirirase en primeira convocatoria a asistencia, presencial ou a distancia, polo menos, da metade dos seus membros sempre que asistan os que ocuparen a dirección e a secretaría ou as persoas que, de ser o caso, as substitúan. De non se acadar este quórum, o órgano poderase constituír en segunda convocatoria coa presenza dun terzo dos seus membros e, en todo caso, de quen ocupe a dirección e a secretaría ou das persoas que, de ser o caso, as substitúan.

### **Artigo 16. Asistencia e desenvolvemento das sesións.**

1. A asistencia ás sesións dos órganos colexiados da Universidade é un dereito e un deber dos membros que os integran.<sup>6</sup>
2. A condición de membro dun órgano colexiado é persoal e non delegable.
3. Toda ausencia poderá xustificarse a través de medios electrónicos con anterioridade á sesión en que se produza perante o/a Secretario/a do Departamento.
4. Ás sesións só poderán asistir os seus respectivos membros, agás no caso recollido no Artigo 13.6.
5. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, agás que estean presentes todos os membros do órgano colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

### **Artigo 17. Votacións e adopción de acordos.**

1. As votacións poderán realizarse por asentimento por proposta do/a Director/a do Departamento, a man alzada, pública por chamamento ou secreta. O/a Director/a do Departamento decidirá a utilización dunha ou doutra modalidade. Porén, a votación secreta poderá ser empregada cando o acordo que se deba adoptar tiver carácter persoal. Considéranse adoptados os acordos por asentimento cando as propostas sometidas ao Consello non suscitaren oposición de ningún membro deste e non requirise outra forma de votación ningún membro.

<sup>5</sup> Redacción do punto 2 do Artigo 16 do Regulamento Marco de Departamentos, aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 23 de novembro de 2016 e modificado na sesión do 29 de xuño de 2017.

<sup>6</sup> Segundo o Artigo 23.1 dos Estatutos da UDC.



2. O Consello adoptará os seus acordos por maioría de votos afirmativos fronte aos negativos, sen ter en conta as abstencións, agás naqueles supostos en que se esixa legal ou regulamentariamente maioría absoluta ou cualificada.
3. En caso de empate nos resultados dunha votación decidirá o/a Director/a co seu voto de calidade.
4. Cando os membros do órgano voten en contra ou se absteñan, quedarán exentos da responsabilidade que, se for o caso, poida derivar dos acordos. Quen votase en contra dun acordo maioritario poderá formular voto particular por escrito no prazo de máximo de dous días hábiles.
5. Non poderán someterse a votación aquelas cuestións que non estiveren especificadas en cada punto da orde do día e en relación directa con elas. Tampouco non se poderán tomar acordos dentro dos apartados da orde do día correspondentes a “Informes” e “Suxestións e Preguntas”.
6. Iniciada unha votación, esta non poderá interromperse.

### **Artigo 18. Actas.**

1. O/A Secretario/a redactará a acta de todas as sesións do Consello de Departamento. A acta especificará a relación de asistentes, as ausencias xustificadas, a orde do día, o lugar e tempo da reunión, referencia sucinta das deliberacións e o contido dos acordos adoptados.
2. Poderanse gravar as sesións que realice o órgano colexiado. O ficheiro resultante da gravación, xunto coa certificación expedida polo Secretario ou Secretaria da súa autenticidade e integridade, e cantos documentos en soporte electrónico se utilizasen como documentos da sesión, poderán acompañar a acta das sesións, sen necesidade de facer constar nela os puntos principais das deliberacións. Neste caso, deberanse conservar de forma que se garanta a integridade e autenticidade dos ficheiros electrónicos correspondentes e o acceso a eles por parte dos membros do Consello.
3. Na acta figurará, por solicitude dos respectivos membros do Consello de Departamento, o voto contrario ao acordo adoptado, a súa abstención e os motivos que a xustifiquen ou o sentido do seu voto favorable. Así mesmo, calquera membro ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que achegue no acto ou no prazo que sinale o/a Director/a, o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención, facéndose así constar na acta ou uníndose copia a ela.
4. A acta de cada sesión aprobarase na mesma ou na seguinte sesión do Consello de Departamento. Con tal fin, a persoa que ocupe a secretaría elaborará a acta co visto e prace do Director ou Directora e remitiráa a través de medios electrónicos aos membros do órgano colexiado, que poderán manifestar polos mesmos medios a súa conformidade ou reparos ao texto, para os efectos da súa aprobación.
5. O/A Secretario/a pode emitir certificación sobre os acordos específicos que se adoptasen, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta.

## **SECCIÓN SEGUNDA: ÓRGANOS UNIPERSOAIS**

### **Artigo 19. Elección do/a Director/a do Departamento.<sup>7</sup>**

1. A dirección do Departamento é o órgano que ten a encomenda de dirixir, xestionar e representar o Departamento.

---

<sup>7</sup> Redacción do Artigo 9 do Regulamento Marco de Departamentos, aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 23 de novembro de 2016 e modificado na sesión do 29 de xuño de 2017.



2. Poderá ser candidato á dirección do Departamento o PDI doutor con vinculación permanente á Universidade e dedicación a tempo completo. As eleccións serán realizadas polo Consello de Departamento na forma prevista no Regulamento Electoral da Universidade. A persoa elixida será nomeada polo/a Reitor/a.
3. De non se poder efectuar o nomeamento do Director ou Directora do Departamento por falta de candidaturas que reúnan os requisitos esixidos, unha vez oído o Consello de Departamento, o/a Reitor/a encargarlle provisionalmente as funcións de dirección a un ou unha dos profesores e profesoras do Departamento, de preferencia o/a de maior categoría e, dentro dela, maior antigüidade.
4. A duración do mandato será de catro anos, só se poderán presentar a unha única reelección consecutiva.
5. Os/as Directores/as de Departamento cesarán nas súas funcións ao final do seu mandato, por pedimento propio, por causa legal sobrevida ou como consecuencia dunha moción de censura aprobada nos termos que regulamentariamente se establezan.
6. En caso de ausencia, vacante ou enfermidade da persoa titular, as funcións de dirección serán exercidas polo PDI adscrito ao Departamento de máis categoría e, dentro dela, con maior antigüidade.

#### **Artigo 20. Funcións do/a Director/a do Departamento.**<sup>8</sup>

Correspóndelle ao/á Director/a de Departamento:

- a. Exercer a representación do Departamento.
- b. Presidir e convocar o Consello de Departamento e executar os seus acordos.
- c. Dirixir, coordinar e supervisar as actividades do Departamento.
- d. Coordinar coa UADI correspondente a atención ás necesidades administrativas e de xestión do Departamento.
- e. Promover contratos, de acordo co previsto na lei e nos Estatutos.
- f. Executar as previsións orzamentarias.
- g. Propor ao/á Reitor/a o nomeamento, entre o profesorado adscrito ao Departamento, da persoa que vaia desempeñar a Secretaría deste.
- h. Calquera outra que lle atribúan as disposicións legais vixentes e os Estatutos da UDC.

#### **Artigo 21. Nomeamento do/a Secretario/a do Departamento.**<sup>9</sup>

1. A persoa que vaia desempeñar a Secretaría do Departamento será nomeada polo/a Reitor/a, por proposta do Director ou Directora, de entre o profesorado e axudantes do Departamento con dedicación a tempo completo.
2. Os/as Secretarios/as de Departamento cesarán por pedimento propio, por causa legal sobrevida ou por decisión do/a Reitor/a, por proposta do/a Director/a do Departamento.
3. En caso de ausencia, vacante ou enfermidade, o/a Secretario/a será substituído/a polo membro do Consello que decida o/a Director/a, que reúna na súa persoa a condición de profesor/a ou axudante.

---

<sup>8</sup> Redacción do Artigo 10 do Regulamento Marco de Departamentos, aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 23 de novembro de 2016 e modificado na sesión do 29 de xuño de 2017, que coincide co Artigo 46 dos Estatutos da UDC.

<sup>9</sup> Redacción do Artigo 11 do Regulamento Marco de Departamentos, aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 23 de novembro de 2016 e modificado na sesión do 29 de xuño de 2017.





**Artigo 22. Funcións do/a Secretario/a de Departamento.**<sup>10</sup>

A Secretaría do Departamento ten como función redactar as actas das sesións, custodiar a documentación e expedir certificacións, ben como calquera outra función que lle fose delegada polo Director ou Directora de Departamento ou encomendada polas disposicións vixentes e os Estatutos.

**SECCIÓN TERCERA: SECCIÓN DEPARTAMENTAIS**

**Artigo 23. Creación.**

Por proposta do profesorado interesado, e logo do informe do Departamento afectado, o Consello de Goberno poderá crear seccións departamentais cando así o aconsellaren razóns xeográficas, a existencia de diversas áreas ou ámbitos de coñecemento ou o elevado número de PDI adscrito ao Departamento.

**Artigo 24. Organización.**

1. Cada sección deberá contar cun número mínimo de tres PDI.
2. De entre o PDI adscrito á sección e por proposta desta, o Consello de Departamento nomeará unha persoa responsable que terá dereito a unha redución da súa carga docente con cargo á bolsa de horas xestionada polo centro en que imparta docencia, só no caso de que a sección conte con dez ou máis membros do PDI permanente a tempo completo.

**Artigo 25. Competencias.**

Alén das que lle delegue o Consello de Departamento, cada sección exercerá, polo menos, as competencias seguintes:

- a. Propor ao Consello de Departamento as convocatorias de prazas de PDI correspondentes á sección, de acordo co que está disposto nos Artigos 81 a 84 dos Estatutos. A proposta de convocatoria inclúe, en todo caso, a comisión xulgadora, o perfil e a categoría da praza.
- b. Propor ao Consello o Plan de organización docente (POD) correspondente ao PDI adscrito á sección.

**TÍTULO III. DO RÉXIME ECONÓMICO E FINANCEIRO**

**Artigo 26. Recursos económicos.**

1. Para a realización das actividades docentes e investigadoras o Departamento de Pedagogía e Didáctica dispón:
  - a. Dos bens, equipos e instalacións que, previamente inventariados, a Universidade da Coruña lle destine.
  - b. Dos recursos que nos orzamentos da Universidade da Coruña se lle asignen.
  - c. Calquera outro recurso que puidese serlle atribuído.
2. Corresponde aos órganos de goberno do Departamento velar polo mantemento e renovación dos recursos adscritos a este. Da súa conservación directa son responsables todos os membros adscritos a el, e será supervisada pola dirección do Departamento fomentando un uso sustentable deles.

---

<sup>10</sup> Redacción do Artigo 16 do Regulamento Marco de Departamentos, aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 23 de novembro de 2016 e modificado na sesión do 29 de xuño de 2017 e recollido en parte polo Artigo 47 dos Estatutos da UDC.



**Artigo 27. Competencias en materia económica.**

1. O Consello de Departamento adoptará anualmente os criterios para a asignación dos recursos do Departamento que serán destinados ao funcionamento deste e á atención das tarefas docentes e investigadoras das áreas de coñecemento que o integran.
2. Corresponde á dirección do Departamento:
  - a. Elaborar e presentar anualmente ao Consello de Departamento, para o seu debate e, se for o caso, aprobación, unha estimación dos ingresos e gastos do Departamento no seu conxunto co reparto máis pormenorizado posible dos capítulos e unidades de gasto previstos para o exercicio económico seguinte.
  - b. Elaborar e presentar anualmente ao Consello, para o seu debate e, se for o caso, aprobación, unha conta xeral dos ingresos e gastos do Departamento no seu conxunto, distinguindo capítulos, conceptos e, no que sexa posible, unidades de gasto unha vez rematado cada exercicio económico.

**TÍTULO VI. DA REFORMA DO REGULAMENTO**

**Artigo 28. Iniciativa de reforma do regulamento.**

Poderán propor a reforma do presente regulamento un terzo dos membros do Consello de Departamento. A proposta de modificación presentarase mediante escrito motivado dirixido ao/á Director/a.

**Artigo 29. Tramitación de reforma do regulamento.**

O texto da proposta de reforma será enviado polo/a Director/a aos membros do Consello, que disporán de quince días para presentaren emendas. Transcorrido este prazo convocarase sesión ordinaria do Consello para aprobar ou rexeitar a reforma proposta. Á convocatoria xuntaranse as emendas presentadas, que serán sometidas a debate e votación.

**Artigo 30. Aprobación da proposta de modificación do regulamento.**

Para a modificación do regulamento requirirase a súa aprobación por maioría absoluta do total dos membros do Consello e a súa posterior aprobación polo Consello de Goberno da Universidade.

**DISPOSICIÓNS FINAIS**

**PRIMEIRA: Derrogatoria.**

Queda derogado o anterior regulamento interno do Departamento.

**SEGUNDA: Entrada en vigor.**

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO)